

# O MESTRE XARDINEIRO

Paul Schrader, 2022

# 1120

ESTREA EN NUMAX: 09.06.2023 | V.O.S.E. | +12 | 111 min

Narvel Roth (Joel Edgerton) é o meticuloso horticultor de Gracewood Gardens. Está tan dedicado a coidar os xardíns deste marabillosa e histórica finca como a compracer á súa xefa, a rica viúva Sra. Haverhill (Sigourney Weaver). Pero o caos apodérase da ordenada existencia de Narvel cando a Sra. Haverhill lle esixe que tome como aprendiz á súa rebelde e problemática sobriña neta, Maya (Quintessa Swindell). Esta nova situación vai sacar á luz escuros segredos dun pasado violento que tamén é unha ameaza para todos.

«Rigor e liberdade poderían ser as palabras que mellor describen o novo traballo de Schrader»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



## Flores que se abren

Por Carlos F. Heredero

Desde hai xa algúns anos, Paul Schrader trasladouse a vivir a unha habitación da mesma residencia na que está ingresada a súa esposa, enferma de alzheimer. O cineasta contou publicamente que non merece a pena vivir en ningún outro sitio que non sexa preto da súa muller, e un sente a inevitable tentación de imaxinar o guionista de *Taxi Driver* (Martin Scorsese, 1976) pechado nun cuarto escuro daquela institución, sentado ante unha pequena mesa sobre a que un vello flexo de luz é a única iluminación da estancia, escribindo e reescribindo o seu propio itinerario vital e cinematográfico igual que Erns Toller n'*O reverendo* (2017), William Tell n'*O contador de cartas* (2021) e Narvel Roth n'*O mestre xardineiro* sentan, os tres, fronte unha humilde mesa sobre a que un flexo de luz é a única iluminación da estancia para escribir o seu propio diario autobiográfico, na procura quizais dun relato que lles permita reescribirse e atopar unha segunda oportunidade.

Desde esa suposta habitación -podemos seguir imaxinando- Schrader reescríbese a si mesmo, buscando acaso unha segunda, ou terceira, ou cuarta oportunidade como cineasta, facendo unha e outra vez o mesmo filme, que sempre é diferente, pero que regresa, inevitablemente, ao mesmo recanto: alí onde un vello flexo sobre unha mesiña apenas ilumina unha estancia escura, como se o cineasta non saíra aínda, mentalmente, daquel estreito cuarto no que o cura de Ambricourt escribía o seu diario nunha mesa sobre a que só había unha lámpada de aceite, unha botella de viño, unha pequena cunca e un pedazo de pan en *Diario dun cura rural* (Robert Bresson, 1951). Como se Schrader estivese empeñado en refacer sen cesar este último tramo da súa filmografía.

Prisioneiro acaso dun eterno retorno ao *bressionano* útero fílmico da súa formación cinéfila, Schrader converte agora o seu novo protagonista nun xardineiro de sofisticada formación en horticultura (Narvel), prisioneiro tamén da súa propia agonía, posto que a súa é unha identidade ficticia da que non se pode saír se non quere poñer en perigo a súa vida, xa que en realidade é Norton Ruplea, unha testemuña protexida colaboradora da policía tras o seu pasado como supremacista branco e asasino de negros, en cuxo peito e lombo locen aínda desafiantes tatuaxes nazis...

O pasado retorna sempre para os protagonistas de Schrader, ben sexa un sacerdote cun tráxico pretérito militar (Toller), un xogador de casino que fora antes torturador en Abu Ghraib (Tell) ou agora un xardineiro que “leva as sementes do odio gravadas na súa pel”, como el mesmo se autodefine cando se mira ao espello. Esta podería ser, por tanto, a máis pesimista das tres entregas desta coherente triloxía sobre a busca da redención moral, pero a sorpresa é que o filme se desvela en realidade desde os seus propios títulos de crédito como a peza máis esperanzada do tríptico.

Nun xenérico que toma a súa inspiración do creado por Elaine e Saul Bass para *A idade da inocencia* (Martin Scorsese, 1994), sucesivas flores van abrindo a cámara lenta na metade dereita da pantalla a medida que se suceden os créditos no lado esquerdo. A apertura progresiva dos botóns funciona (...) como metáfora premonitoria dunha sensualidade aprisionada en transo de liberación, tal e como máis tarde acabará formulando o protagonista ao falar da arte da xardinaría: “Cada semente é unha planta esperando a ser liberada”.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*El reverendo*,  
Paul Schrader.  
Universal Pictures [DVD]

Diario de un cura rural,  
Robert Bresson.  
Karma [DVD]